

PROGRAMA EQUO GALICIA

BLOQUE 2: DEREITOS SOCIAIS

FEMINISMO



Eleccións ao Parlamento de Galicia
Xullo 2020

BLOQUE 2: DEREITOS SOCIAIS

FEMINISMO

Comprometémonos coa **erradicación da violencia machista** en todas as súas formas na sociedade e utilizaremos a nosa posición na administración para levar a cabo as seguintes medidas:

- Melloraremos o **acompañamento e asesoramento** en todo o proceso xurídico para as superviventes de maltrato.
- Impulsaremos **unha rede de casas de acollida**, tamén no ámbito rural.
- Promoveremos **plans de emprego de calidade** para vítimas de violencia machista.
- Crearemos un protocolo de Actuación Interdepartamental nos casos de violencia de xénero, que coordine e mellore as actuacións dos diferentes colectivos profesionais que interveñen no proceso. Poremos en práctica medidas para mellorar a **detección da violencia machista**:
 - Potenciaremos a formación no **ámbito sanitario** para a detección de situacións de maltrato, tanto físico coma psicolóxico, para frear a situación da vítima coa maior rapidez. Esta formación tamén se faría extensible aos centros de saúde no ámbito rural e deberá incluír tamén un protocolo para tratar ás fillas/os da vítima de violencia machista.
 - Tamén consideramos importante unha formación específica e concreta para os **corpos e forzas de seguridade galegos** neste ámbito, para facilitar á vítima o transo de denunciar ao seu agresor e poder facilitar apoio psicolóxico e non facer do proceso algo violento e máis dificultoso.
- Impulsaremos unha **educación feminista nos centros educativos públicos galegos**, fomentar actividades en igualdade, formación do profesorado en materias de igualdade. Impediremos a segregación por sexos na educación
- **Dotaremos en mellor medida todas aquelas ferramentas e departamentos que sirvan ao fin da igualdade de oportunidades e erradicación do machismo** como CIMs, Centros de Recuperación Integral, Casas de Acollida e Puntos de Encontro Familiar de profesionais de educación social. Incrementaremos a dotación de persoal incorporando a profesionais da Educación Social. Esixiremos unha especialización en Igualdade de xénero ao persoal que traballa nos CIM, Centros de Recuperación Integral, Casas de Acollida, Puntos de Encontro Familiar e similares.
- Integramos a **Coeducación nas escolas e centros de ensino**, como clave para favorecer novos patróns de relación entre nenas e nenos, así como na configuración de identidades igualitarias.
- Crearemos programas que fomenten **masculinidades respectuosas** cos dereitos das mulleres
- Empregaremos **linguaxe inclusiva** tanto nas comunicacións internas como nas externas ás que lles daremos recomendacións sobre a linguaxe e os contidos nos medios de comunicación, particularmente na publicidade, en certos programas televisivos e nos informativos
- Realizaremos **campañas de sensibilización** contra a violencia machista todo o ano tendo especial atención á mocidade e a adolescencia.
- Incorporaremos nos Plans de estudo das **Universidades galegas** materias relacionadas coa igualdade de xénero e prevención e tratamento da violencia machista.

- Crearemos campañas de redución da fenda de xénero tecnolóxica, tanto a nivel usuarias como a nivel estudos tecno-científicos
- Visibilizaremos os **traballos nos coidados** remunerados e non remunerados xa que son desempeñados maioritariamente por mulleres. Estes traballos, na maioría dos casos, efectúanse de maneira gratuíta e en desigualdade, coartando a evolución persoal e a independencia da muller. Por estas razóns, e imprescindible fomentar alternativas en base á igualdade na que a muller poida desenvolverse nas mesmas oportunidades que o home.
- Fomentaremos e apoiaremos **cooperativas empresariais verdes** onde o rol da muller sexa de veras activo e fomentando a participación activa de mulleres en sistemas comerciais e produtivos. Apoiaremos as cooperativas de enerxías renovables ou outros tipos de emprendementos sostibles impulsados por mulleres
- Facilitaremos a inserción laboral ás mulleres **migrantes e do ámbito rural**.
- Facilitaremos a autonomía da muller contando con **servizos públicos** de comedores colectivos, ludotecas, garderías e servizo de canguros público
- Promoveremos campañas de formación e sensibilización para **evitar ciberacoso** por razóns de xénero, orientación sexual, raza ou calquera outra, con servizo público de denuncia rápida respectando a intimidade..
- Introduciremos medidas lexislativas para conseguir en todos os niveis de responsabilidade e decisión unha **representación equitativa** dos xéneros en institucións e empresas públicas, na administración e nos centros de decisión política.
- Facilitaremos o acceso da **propiedade ou copropiedade da terra das labregas** dado quen son elas quen máis a traballan no noso país mais teñen poucas veces a titularidade da mesma
- Perseguiremos a **trata e a explotación sexual**. Intensificaremos a loita nestes eidos coordinando corpos policiais, servizos sociais, apoio psicolóxico, e as alternativas laborais e de vivenda ás mulleres explotadas, para contribuír a erradicar a escravitude sexual. Executaremos penas moito máis duras aos proxenetas e consumidores.
- **Opoñémonos á xestación subrogada**, xa que a entendemos como outra forma de cousificar o corpo da muller, vulnerabilizándoa e utilizándoa coma outro produto de mercado.